

EXPOSICIÓN RÍOS E MARES

Coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas temos programada, igual que en anos anteriores, unha exposición titulada *Ríos e mares*. Para a subministración de materiais, pídese a súa colaboración mediante o préstamo de fotografías (de ter un valor especial, pódese escanear no centro), ferramentas e material diverso relacionado con elementos acuáticos. Aínda que a referencia fundamental é o concello de Narón, a exposición está aberta a outros concellos e outras realidades territoriais, todas elas van ter cabida na exposición. De ser posible, pídese que se acompañe cada peza dunha breve información sobre a mesma e unha identificación do/a alumno/a de referencia. O prazo para achegarnos este material é o martes 19 de maio e será devolto cando remate a exposición.

EDLG da Solaina

Maio 2015

